

A ÁRBORE DESVELADA

Textos de XAVIER SEOANE

Ilustracións de CHRISTIAN GARCÍA BELLO

Encadernación rústica, sobrecuberta. 14,5 x 21 cm. 168 páx. 15 €

ISBN 978-84-19213-56-3. Poesía. Tambo.

Un día chegaron naves misteriosas.

Traían o don do fogo,

a beleza dos días e das noites,

arco iris de pombas.

Mais o destino foi falcón.

Un día chegaron

bandadas de aves ledas,

enxurradas de escuma,


neboeiros e ríos e velames e soños...

[Fragmento de «Crónica»]

A voz deste libro entende a poesía como o labor de tecer verbas e urdir signos e sons cos vimbios esvaradíos do tempo e do aire. Isto é, á fin, o mellor que o poeta ten para dar as grazas en homenaxe e celebración de persoas, feitos ou lugares que o acompañaron e enriqueceron ao longo dos anos, deixándolle un pouso impagable.


Son versos que nos levan desde o abraio ante a obra ou a sensibilidade dunha figura exemplar ata a exaltación dunha feliz experiencia ou das vivencias que propician as viaxes. Versos que oscilan entre o ton elexiáco movido pola perda de amizades significadas na cultura do país e a nostalgia do tempo e das lembranzas que evocan os destinatarios destas composicións. Versos, ao tempo, que tampouco esquecen deixar un testemuño de repudio dos acontecementos que ensombrecen e empeoran o mundo que nos tocou vivir, dende as guerras en Gaza ou Ucraína ata a marea negra que arrasou a costa galega ou os lumes forestais.

Xorden así, nos labirintos da palabra, poemas que acaban por compoñer unha posible constelación, un vago mapa, unha certa paisaxe afectiva e moral.



www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** poesía.

■ **Aspectos destacables:** outros títulos da colección **Tambo**: «Os ángulos da brasa» (Premio Nacional de Poesía 2013, Premio da Crítica Española 2012, Premio Ánxel Casal de Poesía 2012, Premio de Poesía da AELG 2012), «Onde nunca é mañá», «Rigorosamente humano», «Clave de bóveda» e «A vixilia do bosque» de Manuel Álvarez Torneiro; «Alén da fronteira. Sete poetas vascos» (Premio Lois Tobío de Tradución 2012); «Tríptico» de Antoni Marí; «Espiral de sombras» de Xavier Seoane; «Estrela do norte» e «As sílabas do mundo» de Luís Rei Núñez; «Tempo de exilio» de Joseba Sarrionandía (I Premio Etxepare-Laboral Kutxa de Tradución 2015); «Diario de Crosses Green» e «A ganancia e a perda» de Martín Veiga; «Tempo transfigurado» de Cesáreo Sánchez Iglesias; «Cervatos» de Lucía Novas; «Feliz idade» (Premio Nacional de Poesía 2020, Premio da Crítica Española 2019, Premio da Crítica de Galicia 2020, Premio Gala do Libro Galego 2020) e «Cráter» de Olga Novo; «Catro cuartetos» de T.S. Eliot con tradución de Martín Veiga; «Imago» de Helena de Carlos; «As iluminacións» de Arthur Rimbaud (XXII Premio Plácido Castro) con tradución de Oriana Méndez e Tamara Andrés; e «Aguiles e a bágoa» de Ana Ramil.

■ **Avance do libro:**

https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-arbore-desvelada-g_xavier_seoane

Xavier Seoane

(A Coruña, 1954)

Profesor, ensaísta, narrador e poeta. É un dos principais referentes da cultura galega dos últimos corenta anos. Entre os seus poemarios destacan o do seu debut, *A caluga do paxaro* (1979), e *Don do horizonte* (1999), que reunía a súa obra poética ata esa data. Posteriormente publicou títulos como *Dársenas do ocase* (2002), *Vagar de amor e sombra* (2004), *Raíz e soño* (2009), *Threnói* (2016) e *A póla branca* (2020). Cultiva tamén o ensaio: *Atravesar o espello* (2000), *O sol de Homero* (2002) ou *Todos somos Ulises* (2016). Ademais, escribe narrativa: *Ábrelle a porta ao mar* (2000) e *A dama da noite* (2014). Recibiu os premios Esquíu, Caixanova, o Premio da Crítica Española e o Espiral Maior, entre outros recoñecementos. En Tambo publicou, en 2013, *Espiral de sombras*.